

## **MEDIDA X MEDIDA** **de William Shakespeare**

Acontece nunha Viena surrealista inventada por Shakespeare. O mandatario Duque Vincenzo pasa á clandestinidade e manda aplicar con todo rigor a lei contra os comportamentos inmorais. Cai a lei por igual sobre o negocio do sexo e sobre a xuventude hedonista. Un xoven de boa familia é condenado a morte. Isto obriga a Isabella, a súa irmá monxa, a abandonar o convento por tres días coa tentativa de salvar a vida do seu peccadento irmán. Un mundo de vicio, perversidade e corrupción tentarán lixar a súa brancura virxinal. Palacios, cadeas e arrabaldos serán o labirinto que percorre Isabella na súa carreira contra a morte. Todo observado dende as sombras por un Duque Vincenzo, irrecoñecíbel baixo o hábito de frade mendicante.

No 15º aniversario da súa fundación, Excéntricas convida novamente un autor que nunca pasa de moda para colaborar no novo espectáculo. Trátase de William Shakespeare, que xa ficara moi satisfeito da anterior colaboración, o triunfante espectáculo "Shakespeare para ignorantes". Lembramos a William despois da función no festival de Almagro con bágoas nos ollos: "Así! Así! Por fin alguén entende a miña obra" Aquel era un espectáculo de fragmentos escollidos, nesta ocasión imos por na escena unha obra enteira, a sofocante, divertida, enigmática e vitriólica: "Medida x Medida" Unha comedia negra que coquetea constantemente co desastre. No reparto están Melania Cruz, Patricia Vázquez, María Costas, Josito Porto, Santi Romay, Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira (que xa protagonizaran Shakespeare para ignorantes) e na dirección Quico Cadaval que xa colaborara co autor inglés na exitosa Noite de Reis do CDG. A escenografía e o vestiario é cousa de Suso Montero (que xa colaborara con Excéntricas na multipremiada "A Cabeza do Dragón"), o espazo lumínico é obra de Dan Juncal e a dirección musical de Bernardo Martínez.

Medida x Medida é unha coprodución co FIOT co apoio de Agadic.

## **Medida X Medida: un teatro de sombras.**

*Você inventa, grita! Eu invento, Ai!!*

*Você inventa, chora! Eu invento, Ui!!*

*Você inventa a lei, eu invento a obediência...*

Estes versos do artista brasileiro Tom Zê podían ser cantados polo coro de presos que paga os seus crimes nas cadeas da Vienna alucinada que inventou W. Shakespeare na sua obra MxM. E como se o autor inglés fose letrista do samba de Tom Zê. A sospeita de que existe unha figura equívoca e sen escrúpulos que inventa leis as que nós, a pobre xente, nos temos que acomodar, parece ser o tema único de MxM. A esa figura suprema algúns chámanlle Deus e outros chámanlle o Estado. El ou “eles” inventaron o pecado, e a vida da xente converteuse no inferno.

Esta obra de Shakespeare estreada no 1604, disque nos días do Nadal, leva provocando dende aquela o desconcerto nas prateas. O autor tiña costume de afogarnos nos ríos de sangue das suas traxedias, ou edulcorarnos coas choivas de pétalas nas vodas finais das suas comedias. Mais nunca foi tan deliberadamente ambiguo como nesta comedia sombría, este thriller poboado de pallasos. MxM é unha peza que se compón de elementos sinistros, que convocan os nosos piores fantasmas, e de alivios clownescos que non chegan nunca a provocar a gargallada infantil da comedia, apenas un sorriso rasgado. E como se o deus que manipula as criaturas humanas e conduce o vehículo da acción, guiase baixo os efectos dunha bebedeira, non se sabe se de erotismo ou de poder.

A cidade de Vienna é o labirinto no que se buscan, ansiosas, as personaxes de MxM. As rúas están electrizadas polo desexo e o medo, que se comportan como fluídos que a encher minuciosamente cada recuncho, asfixiantes como un gas denso, brillante como unha pinga de mercurio a rolar na cidade. As fascinadas criaturas foxen e perseguen, alternativamente, os escuros fantasmas

do desexo que se esvaecen nos seus abrazos ou se insinúan no final de húmidos corredores. O xogo que se executa neste taboleiro é simples: salvar a vida dun home nas breves horas dunha noite.

Todas as personaxes do xogo son igual de importantes que o condenado: todas son protagonistas dun íntimo e secreto drama e corren para salvar as suas vidas. Nesta louca carreira non se distingue o xuíz da prostituta, o crego do proxeneta, a romántica do represor, o misioneiro do dictador, o burócrata do asceta, a vítima do vividor, a pureza da crueldade...

MxM non se representou en moito tempo, por non saberen diagnosticar os eruditos se era drama ou comedia, farsa ou melodrama. Como quen se nega a probar un alimento por non separar claramente o doce e o salgado, o acedo e o

picante. Como un tren que pasa por diante de nós na escuridade da noite, Medida x Medida, deslumbranos e ofúscanos alternativamente. E ficamos sen saber moi ben o que pensar, sen mensaxe final, sen moral. Como di o coro que canta Tom Zê no final da peza:

*Estou-te explicando para te confundir  
estou-te confundindo par te esclarecer  
estou iluminado para poder cegar  
estou ficando cego para poder guiar.*

Quico Cadaval

## **FICHA TÉCNICA E ARTÍSTICA**

### ELENCO

Evaristo Calvo é o Duque  
María Costas é Cotobelo  
Melania Cruz é Isabella  
Victor Mosqueira é Pompeu Pandeiro  
Josito Porto é Angelo  
Santi Romay é Lucio  
Patricia Vázquez é a Señora Refozada

### ESPAZO ESCÉNICO, VESTIARIO E DESEÑO GRÁFICO

Suso Montero

### ESPAZO LUMÍNICO

Dani Juncal

### XEFE TÉCNICO

Octavio Mas

### MAQUINARIA E REALIZACIÓN ESCENOGRAFÍA

Pepe Quintela

### FOTOGRAFÍA

Cristina Becerra

### VÍDEO

Masako Hattori & Marcos PTT Carballido

### XEFE DE PRODUCCIÓN

Rubén G. Pedrero

### DIRECCIÓN MUSICAL

Bernardo Martínez

### AXUDANTE DE DIRECCIÓN

Carlos Santiago

### DIRECCIÓN E DRAMATURXIA

Quico Cadaval

DATA E LUGAR DE ESTREA: 04 de outubro de 2019. FIOT Carballo

DURACIÓN: 110 minutos // Recomendada para maiores de 13 anos

## **XIRA 2019 – 2020 MxM**

- 04 e 05 de outubro no FIOT Carballo
- 10 outubro en Pontevedra
- 11 outubro en Arteixo
- 12 outubro en Muros
- 29 novembro no Barco de Valdeorras
- 21 e 22 de febreiro en Santiago de Compostela
- 12 de marzo en Lugo
- 13 de marzo en Milladoiro
- 22 de marzo en Sada
- 28 de marzo en Vimianzo
- 03 de abril en Rianxo
- 04 de abril en Vilagarcía
- 17 de abril en Vigo
- 18 de abril en Ortigueira
- 8 de maio en A Estrada
- 17 de xullo en Vilamarín
- 10 de outubro en Narón
- 21 de novembro en Ourense